

As organizacións sindicais FSIE, FETE-UGT, CCOO, USO e CIG-Enseño a través dos seus representantes que asinan este escrito queren deixar constancia do seu descontento co proceder da Consellería en relación co trato discriminatorio e de total desconsideración que lle está a dispensar ao colectivo dos traballadores do ensino privado concertado.

Lembramos:


Que a *Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010*,

No artigo 52.4 di: "A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo 2 desta lei, **agás os derivados dos acordos sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa** prevista na Resolución do 28 de decembro de 2006, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e publicación do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos". **Para que isto sexa efectivo ESIXIMOS acordo da paga extra de antigüidade XA!**

No artigo 52.5 di: "A relación profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen na nómina de pagamento delegado". **Para que isto sexa efectivo ESIXIMOS acordo de mantemento de emprego XA!**

Do mesmo xeito quereamos salientar que a suspensión do Acordo sobre condicións laborais para o ano 2.010 fundamentada no artigo 38 do Estatuto do Empregado Público, é ilegal xa que os traballadores do ensino privado concertado non teñen relación contractual coa Administración en relación cos seus postos de traballo. Ademais constátase que a revalorización do salario deste colectivo é inferior a dos homólogos do ensino público.

Por todo isto e para que dunha vez por todas os docentes do ensino concertado estean nun plano de igualdade nas condicións de traballo e salario cos seus homólogos do ensino público, ESIXIMOS acordo de analoxía XA!



Lamentamos:

Que despois de estar fixado un calendario de negociacións para abordar as cuestións antes referidas, a día de hoxe, 18 de febreiro de 2010, aínda non recibimos comunicación algunha por parte da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, o que consideramos responde a unha clara falta de vontade negociadora e a un manifesto desprezo ás organizacións sindicais e aos traballadores que representamos, polo que esiximos a inmediata convocatoria da Comisión Tripartita de Ensino Privado Concertado co fin de aclarar este asunto e dar resposta ás cuestións pendentes.

Santiago, 18 de febreiro de 2.010

FSIE
Armindo Francisco Mera

FETE-UGT
Gerardo Morano Díaz

CCOO
X. Marcial Comesaña

USO
José Porras

CIG-Enseño
Xosé Lois Rivera

**DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS.
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**